



Guía Docente				
Datos Identificativos			2020/21	
Asignatura (*)	Sistemas de Información Empresarial	Código	614G01073	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da InformaciónComputación			
Coordinación	Martinez Perez, Maria	Correo electrónico	maria.martinez@udc.es	
Profesorado	Gomez Garcia, Angel Martinez Perez, Maria	Correo electrónico	angel.gomez@udc.es maria.martinez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A influencia das Tecnoloxías da Información é cada vez maior nas organizacións pasando de dar soporte ás actividades operativas ao apoio á toma de decisións e xestión. Ademais, o entorno cada vez máis competitivo e esixente no que teñen que moverse as organizacións fai que teñan que mellorar a súa xestión e a integración das distintas áreas para poder ofrecer un mellor servizo.</p> <p>Nesta materia trataranse os Sistemas Informáticos que integran a información xerada polas distintas actividades da empresa, facilitando o seu seguimento e servindo de soporte á toma de decisións e á xestión da organización.</p>			



<b>Plan de continxencia</b>	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizan cambios nos contidos da materia.</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>A maior parte das metodoloxías docentes mantéñense pero adaptando a súa realización á docencia exclusivamente non presencial mediante as ferramentas proporcionadas pola UDC (Moodle, Teams, e-mail, chamadas telefónicas desviadas dende o despacho ao móbil persoal). Así temos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Traballos tutelados: por medio do canal de Teams (videochamadas, chat, chamadas de audio) da materia para o seguimento e consulta de dúbidas. A entrega realízase nunha tarefa de Moodle.</li><li>- Prácticas de laboratorio: por medio do canal de Teams (videochamadas, chat, chamadas de audio) da materia para a explicación e consultas das dúbidas sobre as mesmas. Ademais, a contorna de desenvolvemento das prácticas permite que sexan realizadas nos equipos dos alumnos/as. A entrega realízase nunha tarefa de Moodle.</li><li>- Presentación oral: a exposición dos traballos tutelados farase por medio do canal de Teams da materia (reunión) e en casos excepcionais mediante o envío dun vídeo gravado polos alumnos/as. A entrega realízase nunha tarefa de Moodle.</li><li>- Sesión maxistral: por medio da organización do canal de Teams (reunión) da materia. A documentación publícase en Moodle.</li></ul> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Proba obxectiva: no caso dunha situación de excepcionalidade se substitúe o exame pola entrega duns exercicios prácticos dos principais temas impartidos nas clases maxistras. A puntuación na avaliación da proba intercámbiase coa dos traballos.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Moodle. Temporalidade: A lo menos unha vez á semana. Realízase a publicación dos contidos, tarefas, mensaxes en foros, etc. necesarios para o seguimento normal da materia. Ademais, independentemente destas publicacións, respóndese ás consultas do alumnado o antes posible.</li><li>- Teams. Temporalidade: A lo menos dúas veces á semana. Videochamada, chamada de audio, chamada telefónica en caso de falta de conectividade. Realízase para a docencia non presencial da materia, cumprindo os horarios do calendario académico establecidos polo centro. Ademais, independentemente deste horario, respóndese ás consultas do alumnado no equipo da materia o antes posible. Conexión para resolución de dúbidas practicamente a diario.</li></ul> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>*Metodoloxía: Peso na cualificación-Descrición</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Traballos tutelados: 20%-Avaliarase a calidade e exposición dos traballos realizados.</li><li>- Prácticas de laboratorio: 40%-Seguimento das prácticas de laboratorio.</li><li>- Exercicios prácticos: 40%-Actividades prácticas dos principais temas impartidos nas clases maxistras.</li><li>- Proba obxectiva: 0%-Proba de avaliación dos coñecementos teórico/prácticos da materia.</li></ul> <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>No caso dunha situación de excepcionalidade e tendo en conta que se está a realizar unha avaliación continua mediante traballos prácticos de cada tema, decídese substituír a proba obxectiva pola entrega de novas tarefas. O peso da avaliación da proba intercámbiase entre eles. Estes criterios aplícanse á avaliación de alumnos/as que se presenten tanto á primeira como á segunda oportunidade.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>Non se realizan cambios na bibliografía.</p>
-----------------------------	---

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------



## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Capacidade de integrar solucións de Tecnoloxías da Información e as Comunicacións e procesos empresariais para satisfacer as necesidades de información das organizacións, permitíndolles acadar os seus obxectivos de forma efectiva e eficiente, dándolles así vantaxes competitivas.	A46	B3 B6 B8	
Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios tecnolóxicos ao alcance das persoas emprendedoras. Coñecemento adecuado da organización e xestión de empresas.			C5 C7

## Contidos

Temas	Subtemas
Tema 1: Introducción.	- Os Sistemas de Tecnoloxías da Información e as Organizacións.
Tema 2: Sistemas de soporte ás actividades operativas.	- TPS. Sistemas de Procesamento Transaccional/Transactions Processing System.
Tema 3: Sistemas de apoio á xestión empresarial.	- ERP. Sistemas de Planificación de Recursos Empresariais/Enterprise Resource Planning.  - CRM. Sistemas de Xestión da Relación cos Clientes e Marketing/Customer Relationship Management.
Tema 4: Sistemas de apoio á xerencia.	- MIS. Sistemas de Información Xerencial/Management Information System.  - DDS. Sistemas de Apoio á Toma de Decisións/Decision Support System.
Tema 5: Sistemas de Intelixencia Empresarial.	- BI. Ferramentas de Intelixencia Empresarial/Business Intelligence.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A46 B3 B6 B8 C5 C7	0.5	0	0.5
Sesión maxistral	A46 B3 B6 B8 C5 C7	30	7.5	37.5
Prácticas de laboratorio	A46 B3 B6 B8 C5 C7	20	20	40
Traballos tutelados	A46 B3 B6 B8 C5 C7	8	16	24
Presentación oral	A46 B3 B6 B8 C5 C7	2	12	14
Proba obxectiva	A46 B3 B6 B8 C5 C7	2	16	18
Atención personalizada		16	0	16

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	O primeiro día da clase amosarase ao alumno o temario e como se desenvolverá a materia.
Sesión maxistral	Esta metodoloxía empregarase para amosar aos alumnos os conceptos teóricos que forman parte da materia.
Prácticas de laboratorio	O obxectivo é que o alumno poda ver a aplicación práctica dos conceptos explicados nas sesións maxistrais. Para elo, o alumno traballará con algúns dos sistemas vistos na aula.
Traballos tutelados	Consistirá nun traballo desenvolto polo alumno e proposto polos profesores, será non presencial, supervisado, debéndose de entregar unha memoria que será empregada para avaliar ao alumno.  O obxectivo é que o alumno profunde nos aspectos máis importantes e características dos Sistemas de Información Empresarial, permitíndolle adquirir coñecementos que doutra maneira non sería posible.
Presentación oral	Os alumnos expoñeran os traballos realizados ao longo do cuadrimestre.
Proba obxectiva	Realizarase ao remate da materia para comprobar que o alumno adquiriu as competencias asociadas cos coñecementos teóricos expostos.



## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados Prácticas de laboratorio	<p>A atención personalizada está enfocada a apoiar ao alumno na comprensión das diferentes técnicas mediante o apoio nas titorías e a resolución das dúbidas que xurdan nas clases maxistras.</p> <p>Tamén, se lle prestará axuda ao alumno nas dúbidas que podan xurdir na realización das prácticas e durante a aprendizaxe mediante os traballos tutelados, para un mellor aproveitamento e comprensión dos coñecementos vistos na clase.</p> <p>No desenvolvemento xeral da materia empregaranse, como medios telemáticos, as ferramentas proporcionadas pola UDC (Moodle, Teams, email, etc.).</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	A46 B3 B6 B8 C5 C7	Exame sobre os conceptos comentados na clase.	40
Traballos tutelados	A46 B3 B6 B8 C5 C7	Sesións de control e unha memoria na que se avaliará: formato, estrutura, redacción e contido	20
Prácticas de laboratorio	A46 B3 B6 B8 C5 C7	Entrega dunha memoria cos resultados acadados e o proceso seguido.	40

## Observacións avaliación

<p>Para obter a cualificación de aprobado ou superior na materia é imprescindible acadar unha nota mínima na parte teórica e práctica. A cal será de 4 puntos sobre un máximo de 10. O contido deste apartado é orientativo dependendo do carácter da materia. No primeiro día de clase os profesores comentarán como se realizará a avaliación. ESTUDANTES CON MATRÍCULA A</p> <p>TEMPO PARCIAL: Deberán poñerse en contacto cos profesores da materia para posibilitar a realización das tarefas fora da organización habitual.</p>
---

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A. Gomez, C. Suarez (2011). Sistemas de Información: Herramientas prácticas para la gestión empresarial (4ª ed.). Ra-Ma</li> <li>- A. Gomez, C. Suarez (2009). Sistemas de Información: Herramientas prácticas para la gestión (3ª ed.). Ra-Ma</li> <li>- I. Gil (1997). Sistemas y tecnologías de la información para la gestión. McGRAW-HILL</li> <li>- R. McLeod (2000). Sistemas de Información Gerencial. Prentice Hall</li> <li>- K. C. Laudon, J. P. Laudon (2012). Sistemas de Información Gerencial. Pearson</li> <li>- T. Davenport (2000). Mission Critical. Realizing the Promise of Enterprise Systems. Harvard Business School Press</li> <li>- K. C. Laudon, J. P. Laudon (2011). Essentials of Management Information Systems. Pearson Education Limited</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

<b>Materias que se recomenda ter cursado previamente</b>
<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
Xestión de Proceso de Negocio/614G01042
<b>Materias que continúan o temario</b>
<b>Observacións</b>



Recomendase ao alumno, para un aproveitamento óptimo da materia, un seguimento activo das clases así como participar nas distintas actividades e o uso da atención personalizada para a resolución das dúbidas ou cuestións que lle podan xurdir.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías